



O SALÓN

XXIII SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

CON MOITA
ARTE!

Do 11 ao 27 de marzo de 2022
Pazo da Cultura de Pontevedra
www.salondolibro.gal

EUSKAL HERRIA
CULTURA CONVIDADA

HORARIO

De luns a xoves:

De 17.00 a 20.00 h

Os venres:

De 17.00 a 20.30 h

Os sábados e domingos:

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

www.salondolibro.gal



O
SAL
ÓN

XXIII SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

CON MOITA
ARTE!

CON MOITA ARTE!

Se algo temos claro nesta cidade é que a creatividade é o motor do mundo: a imaxinación, a fantasía, a sensibilidade, a vontade de transformamos o cotiá en extraordinario. A capacidade marabillosa de recrear a realidade (ou inventar unha realidade propia) a través de recursos plásticos, sonoros, visuais... Porque iso é a arte: expresar ideas e sentimentos, contar historias, interpretar a realidade para provocar sensacións e emocións.

O ano pasado atrevémonos a abrir as portas do Salón, en plena pandemia, e fomos galardoado co Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa de Fomento da Lectura por amosar que outra forma de facer cultura é posible. Foi un proxecto referente, dentro e fóra do país, como xa o fora o noso querido Salón Virtual do 2020, unha proposta cultural pioneira nacida da urxencia e da ilusión aos poucos días de decretarse o estado de alarma.

Este ano seguimos con rumbo directo a recuperarmos o Salón de sempre, a abrírmolos de novo as portas ás escolas. Así, máis de 3.000 crianzas, mozos e mozas visitarán polas mañás o Pazo de Cultura para percorreren un espazo ambientado, como veredes, desde a arte exipcia ata as vangardas galegas, enchendo esta beira do río do barullo e da alegría que tanto botamos de menos.

E para vós, familias, preparamos un programa ambicioso onde a arte, a música, a narración oral, a escrita, a ilustración,

o cinema, a BD, a danza, o teatro, os monicreques, as novas tecnoloxías e a maxia veñen da man dos libros para facernos gozar, reflexionar e estimular o noso lado máis creativo. Tamén iniciamos, con moita ilusión, un novo proxecto de residencia artística destinada a encher de arte os muros da nosa cidade.

Este ano teremos, de novo, un mundo de Salón, no Pazo de Cultura, na cidade e nas parroquias, coa furgoneta Rodalibros e distintos roteiros que nos axudarán a re-coñecer a nosa cidade con ollos de artista. E a Orbil Parade será máis colorida que nunca, amosando os espazos artísticos máis senlleiros da nosa cidade. Dous dos lobos que veredes polas rúas foron deseñados polo alumnado dos bacharelatos artísticos.

A reflexión, o debate e os diálogos entre creadores e creadoras segue a ter un espazo importante na programación, con encontros, faladoiros e co IV Congreso Internacional de Mediación Lectora, en colaboración coa Universidade de Vigo.

Como cultura convidada teremos a Euskal Herria. Será unha oportunidade magnífica para aprender algo de euskera, coñecer autor@s, ilustrador@s, cultura, arte, gastronomía... Pensamos que o Salón é unha boa maneira de tender pontes coas nosas culturas veciñas, e aprendermos unhas das outras porque, como ben din as nosas amigas Tanxugueiras, non hai fronteiras... Ez dago mugarik!

Nese tecer fíos co exterior, colaboraremos de novo coa Rede de Escolas Asociadas da UNESCO de todo o mundo, buscando crear sinerxías arredor dun tema común, a arte como identidade, a creatividade como bandeira para facer un mundo máis fermoso, máis colorido, mellor.

Este ano decidimos homenaxear á escritora Marica Campo e ao ilustrador Xosé Cobas, polo seu labor pioneiro e militante para crear e dignificar a literatura infantil e xuvenil galega. Grazas a autor@s coma el@s hoxe temos unha LIX vizosa, de grandísima calidade. Dan boa conta os máis de 3.000 libros que temos na nosa biblioteca e que este ano tamén poderedes levar ás vosas casas. Non baixamos a garda en manter un Salón seguro, por iso será preciso **SEMPRE** inscribirse para calquera actividade. Estade ben atent@s ao “manual de uso”.

Este ano teremos máis de 300 actividades para familias e escolas, vinte días inzados de arte, nos ademais do libro e lectura celebraremos os días da Narración Oral, da Auga e da Poesía. Agardamos que gocedes desta programación, feita con cariño, ilusión e moitas ganas de dar a coñecer a creatividade das crianzas e a riqueza do sector cultural galego. Que sexa unha boa ocasión para retomarmos encontros e ilusións, de facermos unha festa arredor dos libros a a lectura, de reflexionarmos sobre como coa arte podemos pintar o mundo, loitar contra as inxustizas e parar todas as guerras.



O SALÓN:

Modos de uso

PARA GOZAR DO SALÓN, TEDE EN CONTA QUE...

Para algunhas actividades, como os obradoiros ou as destinadas a bebés, cómpre facer unha INSCRIPCIÓN PREVIA.

Inscríbete en www.salondolibro.gal no apartado **PROGRAMA 2022** e escolle, dentro do calendario, a actividade desexada. Unha vez dentro, preme no apartado **RESERVAR ENTRADA**, escolle o número de prazas que desexas e dálle ao botón de **CONFIRMAR RESERVA**. **Olo! Se non dás a CONFIRMAR, non se fai efectiva**. Logo recibirás un correo electrónico de confirmación.

Para as actividades que teñen custe tedes as entradas á vosa disposición na billeiteira electrónica: www.ataquilla.com, e de non esgotarse, unha hora antes de cada evento na billeiteira do Auditorio do Pazo da Cultura.



OLLO! ATENCIÓN! MOI IMPORTANTE!

Os obradoiros **teñen un aforo limitado**. Isto permitirá, con certeza, unha atención personalizada e unha experiencia magnífica e única en cada actividade. Se por algunha razón tedes entrada e NON podedes vir, ESCRIBIDE O ANTES POSIBLE ao enderezo: reservasalondolibro@gmail.com indicando día, hora e actividade e nº de prazas que “liberades” para que poidamos poñelas de novo “á venda”.

ORGANIZACIÓN, SEGURIDADE, PACIENCIA E... A GOZAR!

A pandemia quitounos a posibilidade de improvisar, de chegar enriba da hora... pero non nos impedirá gozar, un ano máis, do noso querido Salón. Tentade chegar só un chisco antes das actividades para evitar amoreamentos innecesarios e tede paciencia porque a loxística segue a ser diferente a doutros anos (como a vida, en xeral).

Tedes que traer máscara e aplicar xel hidroalcohólico para todas as actividades e, IMPORTANTE, NON SE PODERÁ COMER fóra dos espazos habilitados para iso.

Entre todos e todas faremos un Salón seguro.

PRÉSTAMO DE LIBROS

Como na edición anterior foi todo un éxito, este ano decidimos continuar co préstamo de libros da biblioteca do Salón. A que mola? **Podes levar DOUS LIBROS por crianza por un máximo dunha semana.** Temos unha chea de libros novos para compartirmos con vós! Máis de 3.000 obras ao voso dispor!



20 DE MARZO, POLA MAÑÁ, DÍA DA NARRACIÓN ORAL

Este ano celebramos o Día da Narración Oral no Salón cun ROTEIRO DE HISTORIAS repartido en catro espazos distintos do Pazo da Cultura.

Achégate ao punto de información na entrada do Salón e apúntate a unha mañá chea de contos! Catro espazos, catro contos. Escolle o teu percorrido.



ONDE

Para o máximo goce e a seguridade de todos e todas, **o Salón desenvolverase nas instalacións do Pazo da Cultura e o Recinto Feiral.**

Ademais, este ano volve a Rodalibros, a nosa biblioteca viaxeira, que vai percorrer todas as parroquias de Pontevedra e distintos espazos da cidade. Consulta na web e neste programa as súas paradas!



CANTINA

Este ano retomamos o noso espazo gastronómico coa Pizzería Henaar, que estará, unha vez máis, no Recinto Feiral. Alí poderedes degustar unha saborosa selección de *pintxos* e moitos petiscos máis.

Abrirá as fins de semana co horario do Salón: De 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h.



INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES:

Podes reservar xa as entradas para os espectáculos do Auditorio a través de **www.ataquilla.com**, e de non esgotarse, unha hora antes de cada evento na billeteira do Auditorio do Pazo da Cultura.

Para o resto das actividades consulta o procedemento en **www.salondolibro.gal**

PROGRAMA

XOVES 10 de marzo

16.30 a 20.30 h

**IV Congreso Internacional
de Mediación Lectora**

Salón de Actos | Público adulto

VENRES 11 DE MARZO

18.30 h

● **ESPECTÁCULO**

**Inauguración oficial da XXIII edición do
Salón Internacional do Libro Infantil e
Xuvenil de Pontevedra.**
Salón de maravillas salvaxes

Espectáculo a cargo de AldaoLado

Participan: Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, Coro da Xunqueira, Ballet de Galicia, Alba Troiteiro, Isaak Aranberri e Andrea García.

Auditorio do Pazo de Cultura | Público familiar.

Entrada de balde. Reservas en Ataquilla.com

Logo da inauguración abriremos as portas do Salón para facer unha visita libre pola Sala de Exposicións

SÁBADO 12 de marzo

MAÑÁ

11.15 a 13.45 h

● **OBRAOIRO ARTÍSTICO**

Factoría de creación

Asociación Paspallás

Espazo Artista | A partir de 5 anos | Anótate ao chegar

- SESIÓN DE CONTOS
- OBRADOIROS
- RODALIBROS DO SALÓN
- TEATRO E ESPECTÁCULOS
- MÚSICA E CONCERTOS
- VISITAS, ROTEIROS E PASEOS
- FALADOIROS
- SESIÓN ESPECIAL

11.15 h a 13.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social de Monte Porreiro | Público familiar

11.30 h

● **ROTEIRO FAMILIAR POLA CIDADE**

Cidades con arte

Taller Abierto

Público familiar (+ 8 anos cunha persoa adulta)

Inscricións en: contacto@tallerabierto.info

11.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip do Salón: cantARTE!

Leucoíña Pasea e Bea Mazaira

Espazo de Arte POP | A partir de 6 anos

12.00 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

12.00 h

● **FALADOIRO CREATIVO**

Arte e Ilustración

AGPI

Participan: Eva Agra, David Fidalgo e Susana Suniaga

Salón de Actos | Público adulto

12.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Os contos de Candelaria, a bibliotecaria estrafalaria

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Recinto Feiral | Público familiar

TARDE

17.00 h

● **VISITA AO MUSEO**

Castelao e os libros

Edificio Castelao.

Público familiar. A partir de 8 anos cunha persoa adulta

Inscricións en: reservas.museo@depo.gal

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Praza de Ramallás, Lérez | Público familiar

17.30 h

● **OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA E ILUSTRACIÓN**

Retratos ilustrados

7H Cooperativa Cultural

Espazo de Artista | De 6 a 9 anos

17.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Kenka un Kenko

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Sala de Obradoiros | De 0 a 3 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Lamiak, trasnos e historias baskas

Marcos Dios e María Zárata

Recinto Feiral | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

18.45 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo GASTROLIBRO | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

19.00 h

● **TEATRO**

Edición 10º aniversario!

Fíos

Baobab Teatro

Auditorio do Pazo | A partir de 3 anos

Prezo: 3€ | Entradas en Ataquilla.com

DOMINGO 13 de marzo

MAÑÁ

11.15 a 13.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Local Social de Alba | Público familiar

11.30 h

● **OBRADOIRO DE FANZINES**

FAN dos ZINES

Galpón Lab | Iria Rodríguez e Eva Fandiño

Espazo de Artista | A partir de 7 anos

11.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS, ILUSTRACIÓN E MUSICA**

Meiga Nova: Maruja Mallo

Polo Correo do Vento con Antón Ke

Recinto Feiral | Público familiar

12.00 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

12.00 h

● **CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Cabaliño Hop!

Soledad Felloza

Sala de Obradoiros | De 0 a 3 anos

12.00 h

● **OBRADOIRO DE PINTURA MURAL**

Pintamos a cidade

Espacio Matrioska

A partir de 8 anos

Reserva a túa praza en: espaciomatrioska@gmail.com

12.30 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

Estrea!

Trinta anos cantando con Migallas

Migallas Teatro

Auditorio do Pazo | Público familiar

Prezo: 3€ | Entradas en Ataquilla.com

TARDE

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Praia fluvial de Pontesampaio | Público familiar

17.15 - 20.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Factoría de creación

Asociación Paspallás

Espazo de Artista | A partir de 5 anos | Anótate ao chegar

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastroliterario | Recinto Feiral | De 4 e 10 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip do Salón: cantARTE!

Leucoíña Pasea e Bea Mazaira

Espazo de Arte POP | A partir de 6 anos

17.30 h

● **CONTOS E MÚSICA PARA BEBÉS**

Cabaliño Hop!

Soledad Felloza

Sala de Obradoiros | De 0 a 3 anos

18.00 h

● **OBRADOIRO DE POESÍA E DEBUXO**

Pintaaletras

Cris Corral Soilán e Leandro Lamas

Seminario | A partir de 7 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Lamiak, trasnos e historias baskas

Marcos Dios e María Zárate

Recinto Feiral | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

18.45 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cocíñar

ReviraVolta

Espazo GASTROLIBRO | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

19.00 h

● **TEATRO-CLOWN**

Encuentracuentos*

Marcel Gross

Auditorio do Pazo | Público familiar a partir de 3 anos

Prezo: 6€ | Entradas en Ataquilla.com

LUNS 14 de marzo

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Igrexa de Bora | Público familiar

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Arte con historia

Ana Seoane

Público familiar

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Artistas a todo tren

Charo Pita

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte e Parte

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

MARTES 15 de marzo

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Local Social de Campañó | Público familiar

17.15 h

● **XOGOS NO SALÓN**

enredARTE

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E CINEMA**

Cinema Marabillas

Raquel Queizás

Salón de Actos | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte e Parte

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

MÉRCORES 16 de marzo

17.15 - 19.45 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social Cons, Mourente | Público familiar

17.15 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Canta arte!

Monitorado do Salón

Público familiar

17.15 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Unha viaxe ao surrealismo

Alba Troiteiro

Espazo de Artista | A partir de 5 anos

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

O rato ilustrador

Trinketrinke Teatro

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO CREATIVO

Arte e Parte

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

19.30 h

● FALADOIRO CREATIVO

Outra arte é posible

Espazo Brétema

Salón de Actos | Público adulto

XOVES 17 de marzo

16.30 a 20.30 h

**IV Congreso Internacional
de Mediación Lectora**

Salón de Actos | Público adulto

17.15 - 19.45 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social da Canicouva | Público familiar

17.15 h

● XOGOS NO SALÓN

enredARTE

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

17.15 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Toma p-ARTE

Ana Apika

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte e Parte

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

VENRES 18 de marzo

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Casa Verde de Salcedo | Público familiar

17.30 h

● **OBRADOIRO CREATIVO PARA BEBÉS**

Universo Tullet

Espacio Arkhé

Sala de Obradoiros | De 1 a 3 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO LITERARIO-CREATIVO**

Unha caca moi cuca

Irene Alonso

Biblioteca do Salón | A partir de 3 anos

17.30 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO POLA CIDADE**

Arte urbana

Lecoña Pasea

Público familiar

Inscripcións en: paseapontevedra@gmail.com

18.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS CON MONICREQUES**

De trebellos, perellos e fedellos

Os Monicreques Kukas

Recinto Feiral | Público familiar

19.30 h

● **FALADOIRO**

Outra historia da arte

Miguel Ángel Cajigal (El Barroquista)

Salón de Actos | Público adulto

SÁBADO 19 de marzo

MAÑÁ

11.15 - 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Capela de San Roque. Santo André de Xeve

Público familiar

11.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

BD e grafiti con Keith Haring

Anxo Fariña

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

11.30 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO POLA ILLA DAS ESCULTURAS**

Explorador@s creativ@s

Taller Abierto

Illa do Covo | De 5 a 10 anos

Inscricións en: contacto@tallerabierto.info

12.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO PARA BEBÉS**

Tàpies: Camiño do Instinto

Espacio Arkhé

Sala de Obradoiros | De 1 a 3 anos

12.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Circo de papel

Ana Apika

Recinto Feiral | Público familiar

12.00 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

12.45 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

BD e grafiti con Keith Haring

Anxo Fariña

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

TARDE

17.00 h

● **VISITA AO MUSEO**

Castelao e os libros

Edificio Castelao.

Público familiar. A partir de 8 anos cunha persoa adulta

Inscricións en: reservas.museo@depo.gal

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cocíñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.15 h

● **OBRADOIRO AUDIOVISUAL**

Videoclip do Salón: cantARTE!

Leucoíña Pasea e Bea Mazaira

Espazo de Arte POP | A partir de 6 anos

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Centro Cultural de Santa María de Xeve | Público familiar

17.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS PARA BEBÉS**

Abrazo de cuentos

Ana Apika

Sala de obradoiros | De 1 a 3 anos

18.00 h

● ESPECTÁCULO DE MONICREQUES

Lume

Babaluva

Recinto Feiral | Público familiar

18.30 h

● OBRADOIRO TÉCNOLÓXICO

Sesión especial!

ARTEllando cos videoxogos e música

MUVI

Museo do videoxogo | A partir de 6 anos

18.45 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

19.00 h

● MÚSICA

Astronauta sideral**

Uxía Lambona e a Banda Molona

Auditorio do Pazo | Público familiar a partir de 3 anos

Prezo: 3€ | Entradas en Ataquilla.com

DOMINGO 20 de marzo

MAÑÁ

11.15 - 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Arte (e libros) en movemento!

Miradoiro de Monte Porreiro | Público familiar

12.00 h

● OBRADOIRO DE PINTURA MURAL

Pintamos a cidade

Espacio Matrioska

A partir de 8 anos

Reservas no correo-e: espaciomatrioska@gmail.com

DÍA DA NARRACIÓN ORAL

● PROGRAMACIÓN ESPECIAL

ROTEIRO DE HISTORIAS

Anótate no punto de información na entrada do Salón. Catro espazos, catro contos. Escolle o teu percorrido!

Organiza: Festival Sete Falares

Raquel Queizás

Quendas ás 11.30, 12.00, 12.30 e 13.00 h

Salón de Actos | Público familiar

Pavís Pavós

Quendas ás 11.30, 12.00, 12.30 e 13.00 h

Sala de Obradoiros | Público familiar

Polo Correo do Vento

Quendas ás 11.30, 12.00, 12.30 e 13.00 h

Recinto Feiral | Público familiar

Bea Campos

Quendas ás 11.30, 12.00, 12.30 e 13.00 h

Biblioteca do Salón | Público familiar

TARDE

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Igrexa de Cerponzóns | Público familiar

17.15 h

● **OBRADOIRO DE CIANTOPIA**

Postais máxicas

La Platanera

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

17.30 h

● **CONCERTO**

Música para bebés

Lydia Botana/Bolboreta

Sala de Obradoiros | De 0 a 3 anos

18.00 h

● **OBRADOIRO DE ESCRITA DIVERTIDA**

A arte de pasalo ben escribindo!

Hematocrítico

Seminario | A partir de 7 anos

18.00 h

● **NARRACIÓN DE CONTOS**

Os contos de Roxín Roxal

Nieves Neira, Uxío Novoneyra, Branca Novoneyra e Manuel Jabois

Recinto Feiral | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

18.30 h

● **OBRADOIRO DE ESTAMPAXE**

Son a pera!

La Platanera

Espazo de Artista | A partir de 5 anos

18.45 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

19.00 h

● **CONCERTO**

Paxaro amigo. Músicas para a paz**

Mamacabra

Auditorio do Pazo | Público familiar

Prezo: 3€ | Entradas en Ataquilla.com

LUNS 21 de marzo

**DÍA MUNDIAL DA POESÍA
(E COMEZA A PRIMAVERA!)**

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social de Marcón | Público familiar

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Canta poesía!

Monitorado do Salón

Público familiar

17.15 h

● **OBRADOIRO DE POESÍA**

Palabras que pintan

Tamara Andrés (Cartas ás 12)

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA**

Federico García Lorca visita Pontevedra

Polo Correo do Vento e Antón Ke

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte poética

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

19.30 h

● **ENCANTRO POÉTICO**

Teñamos a poesía en PAZ

Encantro poético con **Marica Campo**, escritora homenaxeada na XXIII edición do Salón. Acompañada de Tamara Andrés

Libraría Paz. Rúa Peregrina, 29 | Público adulto

MARTES 22 de marzo

DÍA MUNDIAL DA AUGA

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Adro do Mosteiro de Lérez | Público familiar

17.15 h

● **XOGOS NO SALÓN**

enredARTE

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

O paraguas dameaugas

Anxo e Brais Moure

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte con Botas

Anxo Moure e monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

19.30 h

● **FALADOIRO CREATIVO**

Contar sen palabras

GÁLIX e Ateneo de Pontevedra coa participación de Carmen Hermo e Jorge Campos.

Modera: Pilar Sampedro

Salón de Actos | Público adulto

MÉRCORES 23 de marzo

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Igrexa de Campolongo | Público familiar

17.15 h

● **OBRADOIRO ARTÍSTICO**

Enmascárate con Maruja Mallo

Leucoíña Pasea

Espazo de Artista | A partir de 5 anos

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Canta arte!

Monitorado do Salón

Público familiar

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

A verdadeira historia de Vitoria

Ana Facchini

Biblioteca do Salón | Público familiar

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Arte e Parte

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

XOVES 24 de marzo

16.30 a 20.30 h

IV Congreso Internacional de Mediación Lectora

Salón de Actos | Público adulto

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.15 h

● **XOGOS NO SALÓN**

enredARTE

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Casal do Río, Tomeza. | Público familiar

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS CON MÚSICA E MONICREQUES**

Filipa cos contos

Compañía Bandullo Azul

Biblioteca do Salón | Público familiar

18.00 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO POLA CIDADE**

Un paseo con Manuel Moldes

Fundación Manuel Moldes

Centro da cidade | Público familiar

Inscripcións: salondolibro@pontevedra.gal

19.00 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Somos artistas

Monitorado do Salón

Espazo de Artista | Público familiar

VENRES 25 de marzo

17.15 h

● **OBRADOIRO DE ENCADERNACIÓN**

Caderno de artista

Teresa Redondo

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

17.15 - 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Igrexa de Cerponzóns | Público familiar

17.30 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO POLA CIDADE**

Arte urbana

Lecoíña Pasea

Público familiar

Inscripcións: paseapontevedra@gmail.com

18.00 h

Estrea!

● **CONCERTO**

O soño dos golfiños

Golfiños

Recinto Feiral | Público familiar | De 0 a 6 anos

18.30 h

● **OBRADOIRO DE ENCADERNACIÓN**

Caderno de artista

Teresa Redondo

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE DANZA**

NUDOS*

Da.Te Danza

Auditorio do Pazo

Prezo: 3€ | Entradas en Ataquilla.com

SÁBADO 26 de marzo

MAÑÁ

11.15 - 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Aparcamento fronte á Casa da Cultura de Estribela

Público familiar

11.30 h

● **ROTEIRO ARTÍSTICO POLA ILLA DAS ESCULTURAS**

Explorador@s creativ@s

Taller Abierto

Illa do Covo | De 5 e 10 anos

Inscripcións: contacto@tallerabierto.info

11.30 h

● **OBRADOIRO DE FANZINES**

FAN dos ZINES

Galpón Lab | Iria Rodríguez e Eva Fandiño

Espazo de Artista | A partir de 7 anos

12.00 h

● **OBRADOIRO TÉCNOLÓXICO**

Sesión especial

ARTEllando cos videoxogos: deseño e ilustración

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

12.30 h

● **MÚSICA**

Estrea!

Caderno de cores e cancións

Magin Blanco

Recinto Feiral | Público familiar

12.30 h

● **ACTO DE HOMENAXE**

Homenaxe a Marica Campo e Xosé Cobas

Organizado en colaboración con GÁLIX

Salón de Actos | Público adulto | Entrada libre

TARDE

17.00 h

● **VISITA AO MUSEO**

Castelao e os libros

Edificio Castelao.

Público familiar. A partir de 8 anos cunha persoa adulta

Inscripcións en: reservas.museo@depo.gal

17.15 - 19.45 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social de Campañó | Público familiar

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.15 h

● **OBRADOIRO CREATIVO**

Libros de artista

Susana Suniaga

Espazo de Artista | A partir de 7 anos

17.15 h

● **OBRADOIRO LITERARIO**

O meu piollo e mais eu

Txabi Arnal

Seminario | A partir de 7 anos

17.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS PARA BEBÉS**

Palma repalma

Pavís Pavós

Sala de Obradoiros | De 0 a 3 anos

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS E MÚSICA**

Elas pintan moito

Migallas Teatro

Recinto Feiral | Público familiar

18.30 h

● **OBRADOIRO TÉCNOLÓXICO**

Sesión especial

ARTEllando cos videoxogos: deseño e ilustración

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

18.45 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo GASTROLIBRO | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

19.00 h

● **MÚSICA**

Art'n'Rock

Rock Lab

Auditorio do Pazo | Público familiar

Entrada de balde. Reserva en www.ataquilla.com

DOMINGO 27 de marzo

MAÑÁ

11.15 - 13.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Arte (e libros) en movemento!

Centro Social da Canicouva | Público familiar

11.30 h

● **OBRADOIRO DE ARTE E ILUSTRACIÓN**

O baúl de Frida

Augusto Metztlí

Espazo de Artista | A partir de 6 anos

12.00 h

● **OBRADOIRO DE PINTURA MURAL**

Pintamos a cidade

Espacio Matrioska

A partir de 8 anos

Reservas: espaciomatrioska@gmail.com

12.00 h

● **OBRADOIRO DE CINEMA EN STOP-MOTION**

Arte Animada

Curiosaurios Club

Sala de Obradoiros | A partir de 6 anos

12.00 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

12.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS, MÚSICA E MONICREQUES**

Os tres porquiños

Bea Campos e Manuel Pombal

Recinto Feiral | Público familiar | A partir de 6 meses

TARDE

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

A arte de cociñar

ReviraVolta

Espazo Gastrolibro | Recinto Feiral | De 4 a 10 anos

17.30 h

● **OBRADOIRO DE CINEMA EN STOP-MOTION**

Arte Animada

Curiosaurios Club

Sala de Obradoiros | A partir de 6 anos

17.30 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

Por ARTE de Maxia!

Magia en la Manga

Recinto Feiral | Público familiar

17.30 h

● **OBRADOIRO TECNOLÓXICO**

ARTEllando con videoxogos

MUVI

Museo do Videoxogo | A partir de 6 anos

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE CLAUSURA**

Danza

Senta que hai baile**

Pésdelan

Auditorio do Pazo | Público familiar
Prezo: 3€ | Entradas en: Ataquilla.com

ORBILPARADE

Dez estatuas da nosa mascota, o lobo ORBIL, estarán espalladas por toda a cidade, dúas delas intervindas artisticamente polo alumnado dos bacharelatos artísticos da cidade.

Explora, descúbreas e envíanos unha foto a salondolibro@pontevedra.gal

Tamén podes colgalas nas túas redes usando o cancelo **#OrbilParade**





PARADAS:

SÁBADO
12
MARZO

11.15 a 13.30 h | Centro social de Monte Porreiro
17.15 a 20.00 h | Praza do Ramallás, Lérez

DOMINGO
13
MARZO

11.15 a 13.30 h | Local social de Alba
17.15 a 20.00 h | Praia fluvial da Xunqueira
en Ponte Sampaio

LUNS
14
MARZO

17.15 a 19.45 h | Igrexa de Bora

MARTES
15
MARZO

17.15 a 19.45 h | Centro social de Campañó

MÉRCORES
16
MARZO

17.15 a 19.45 h | Centro social de Cons, Mourente

XOVES
17
MARZO

17.15 a 19.45 h | Centro social da Canicouva

VENRES
18
MARZO

17.15 a 20.00 h | Casa Verde de Salcedo

SÁBADO
19
MARZO

11.15 a 13.30 h | Capela de San Roque, Santo
André de Xeve
17.15 a 20.00 h | Centro cultural de Santa María
de Xeve

DOMINGO
20
MARZO

11.15 a 13.30 h | Miradoiro de Monte Porreiro
17.15 a 20.00 h | Igrexa de Cerponzóns

LUNS
21
MARZO

17.15 a 19.45 h | Centro social de Marcón

MARTES
22
MARZO

17.15 a 19.45 h | Adro do Mosteiro de Lérez

MÉRCORES
23
MARZO

17.15 a 19.45 h | Igrexa de Campolongo

XOVES
24
MARZO

17.15 a 19.45 h | Casal do Río, Tomeza

VENRES
25
MARZO

17.15 a 20.00 h | Igrexa de Cerponzóns

SÁBADO
26
MARZO

11.15 a 13.30 h | Aparcamento fronte á Casa da
Cultura de Estribela
17.15 a 20.00 h | Centro social de Campañó

DOMINGO
27
MARZO

11.15 a 13.30 h | Centro social da Canicouva

IV CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA

CON MOITA ARTE!

XXIII SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

Salón de Actos do Pazo da cultura de Pontevedra | 10, 17 e 24 de marzo de 2022

Inscripcións a través de: www.salondolibro.gal

Inscripcións para profesorado en activo: a través de “fprofe” usando o código P2114002

Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Rede temática de investigación *Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano* (LIJMI)

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

Comité científico

Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna), Carmen Franco Vázquez (Liter21). Universidade de Santiago de Compostela, Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko Unibertsitatea), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad Iberoamericana Ciudad de México), Ana Cristina Vasconcelos Pereira de Macedo (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto), Verónica Pousada Pardo (Universidade de Vigo), Alice Aurea Penteado Martha (Universidade Estadual de Maringá), Ana María Porto Castro (ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), Blanca-Ana Roig Rechou (LIJMI-ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Caterina Valriu Llinàs (Universitat de les Illes Balears)

Secretaría

Eulalia Agrelo Costas (Universidade de Vigo)

Isabel Mociño González (Universidade de Vigo)



XOVES 10 de marzo

Presenta e modera: Ana Seoane, artista e docente

16.30 h

Inauguración do congreso:

Carme Fouces, concelleira de Cultura de Pontevedra e Jorge Soto, vicerreitor do campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

16.45 h

Ilustración conectada

Xosé Cobas
Ilustrador homenaxeado na XXIII edición do Salón

17.30 h

A narrativa nos videoxogos

Museo do Videoxogos de Cangas (MUVI)
Galo Martínez e Rubén Cabrerizo

18.15 h

Descanso

18.45 h

Dez maneiras creativas de ollar un libro

Laura Romero, música e ilustradora

19.30 h

Zumaiana, o gozo pola lectura.

Unha aproximación desde a pedagogía da confianza

Eduarne Aizpurua
Rakel Benítez
Isaak Aranberri

XOVES 17 de marzo

Presenta e modera: Carmen Hermo, artista e docente

16.30 h

Da oralidade á escrita

Paula Carballeira, narradora e escritora

17.15 h

Álbums silentes: as imaxes contan

María Xesús Fernández, mestra e crítica literaria

18.15 h

Descanso

18.30 h

A arte de ler

Ángeles e María Isabel Abelleira Bardanca, docentes

19.15 h

Debuxar o mundo

Vicente Blanco e Salvador Cidrás, artistas e docentes

XOVES 24 de marzo

Presenta e modera: Sonia Tourón, artista e docente

16.30 h

Escribir con imaxes, debuxar con palabras

Concha Pasamar, escritora e ilustradora

17.15 h

Literatura infantil: crear e crear

Txabi Arnal, escritor e docente

18.15 h

Descanso

18.30 h

Coa A de STEAM:

Tecnoloxías sinxelas aplicadas ás Prácticas Comunicativas

Paola Guimeráns, artista e asesora en innovación educativa

19.15 h

Os libros que hai en nós

Emma Pedreira, escritora



Concello
de Pontevedra

Vicearía do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

O SALÓN

EXPOSICIÓNS

PAZO DA CULTURA

MUVI: ARTELLANDO CON VIDEOXOGOS

Fundación Museo do Videoxogo de Galicia.

A exposición do MUVI trata de recoller a arte que habita nos videoxogos nunha viaxe a través dalgunhas das pezas máis influentes da historia, desde un punto de vista sociocultural e artístico, con obradoiros temáticos e actividades que afondan nas diferentes modalidades artísticas.

Descubre, xoga e aprende!

Son os videoxogos arte? Ás veces as preguntas curtas precisan de respostas longas. A arte preséntase como un elemento vital creador de emocións, habitante en case todos os eidos das nosas vidas. O videoxogo non é alleo á ela, medrando a través das súas cernas nunha especie de unión xenial e estable de múltiples expresións culturais.

Xosé Cobas, ilustrador homenaxeado

Aínda que procede do ámbito da pintura, destaca tamén no deseño gráfico e, sobre todo, na ilustración.

A través dos seus libros infantís e xuvenís, provoca emocións no lector, tanto pola súa historia narrada como polas ilustracións propostas. Ten o poder de facer soñar, encher de ledicia, ilusión e facer crer que outras realidades son posibles no seu lector. Cobas é un mestre á hora de xerar un mundo sutil e evocador, que enche as follas de suxestións. Este ano fai 35 no mundo da ilustración infantil e nestas décadas fixo 220 libros. Convidámosvos a facer un percorrido polas súas ilustracións e os obxectos que as evocan.

Marica Campo, autora homenaxeada.

Ao longo da súa vida compaxinou o seu traballo profesional como mestra cun dilatado labor literario e cultural que abrangue campos tan variados como a poesía e a dramaturxia, a poesía e no que destacan as súas obras infantís e xuvenís. A través desta mostra coñeceremos a súa última obra *Nós Outras*, coas ilustracións de Menchu Lamas, **premio Rosalía de Castro ao Libro Mellor Editado en 2021**. Tamén teremos a ocasión de

ver os figurinos da obra de teatro *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos*, ou *Memorias dun Escribano* (Cadernos da Escola Dramática Galega, 1984). Mención de Honra do Premio de Teatro O Facho.

Ilustradoras Galegas:

Hai moito tempo que as ilustracións deixaron de ser só as imaxes que acompañaban contos e relatos para converterse nunha linguaxe universal e no perfecto compañeiro de viaxe de grandes historias e aventuras.

Ilustradoras Galegas é un proxecto expositivo que recolle o traballo de doce ilustradoras galegas actuais.

Un percorrido que pon en valor a gran calidade e variedade artística da ilustración feminina no mundo da literatura infantil e xuvenil galega, así como no muralismo e o gravado, e a súa importancia e influencia a nivel autonómico e nacional.

Silent Books.

En resposta á chegada de refuxiados de África e Oriente Medio á illa italiana de Lampedusa, IBBY Italia lanzou en 2012 o proxecto *Silent Books, from the world to Lampedusa and back*.

O proxecto consistía na creación da primeira biblioteca infantil na illa de Lampedusa cunha selección de libros ilustrados sen palabras, para ser utilizada polos nenos e nenas locais e inmigrantes e que os puidesen entender e gozar sen importar o idioma. Os libros foron enviados por distintas seccións nacionais de IBBY e, ata a data, creáronse cinco coleccións de *Silent Books*.

A última en 2021 presentouse de forma virtual durante a celebración da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. A OEPLI, como sección española de IBBY, expón os títulos seleccionados por este organismo internacional e amplía a mostra de "Libros sen palabras", con libros publicados por editoriais españolas, durante os últimos anos.

Espazo Refugallo

Colectivo Refugallo, Belas Artes Pontevedra

Espazo inmersivo creado por e para as crianzas da Feira do Libro de Pontevedra. Desde Refugallo créase un parque infantil interactivo e multisensorial co obxectivo de xerar un ambiente que invite ao xogo, ao descanso e ao relato. Formúlase un espazo composto por elementos deseñados para a experimentación táctil, visual e espacial. Destácase a colaboración coa ilustradora Lili Algo (@lili.algo) á hora de crear a estética mediante os seus estampados e ilustracións.

Volver

A mostra recolle as ilustracións coas que Concha Pasamar acompaña o conto de Pablo Echart (Triquetea Editora). Trátase dun álbum escrito para que os máis pequenos e pequenas descubran que cada instante da vida está cheo de valor. Para que recoñezan que a celebración do mundo pode atoparse nun rostro querido, nun solpor, nun día de colexio ou no son duns pasos familiares. Volver foi escrito tamén para os mozos e mozas, porque deben preservar o seu reino de alegría e emocións puras. E é unha invitación aos adultos e adultas, para que alumeen na memoria os tesouros que a vida lles regala.

Manuel Moldes

Un dos pintores máis importantes do panorama artístico galego, profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, integrante da Real Academia de Belas Artes de Galicia e membro fundacional do grupo Atlántica.

O automatismo presente en moitos dos traballos de Moldes dos anos 70 exprésase libre nas pezas que poderedes ver no Salón. Cun trazo convulso, case eléctrico, compón unha imaxe equilibrada pero desacougante que bebe da súa contorna e da situación vital do seu tempo, uns anos de fortes cambios despois de corenta longos anos de ditadura franquista.

A experimentación cos materiais é unha das inquiredanzas do artista. Non só lle achegan novas características plásticas senón que amplían o abano de posibilidades para traballar a

súa obra. Veremos, nesta mostra, os cambios de soporte (do lenzo ao papel milimetrado), mudanza que lle permitiu unha maior facilidade para traballar fóra das paredes do seu taller. Non deixedes de visitar esta achega a un dos nosos artistas máis senlleiros.

Garaxe Hermético

O GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración, fai 10 anos. Para celebralo os alumnos e alumnas do centro presentan unha colección de obras coas que homenaxean os cómics e os álbums ilustrados interpretando de maneira persoal as portadas dos clásicos da banda deseñada.

A mostra quere reivindicar esta actividade como outra das disciplinas artísticas no mundo da arte.

Ambientación

A ambientación e exposición dos distintos espazos do Salón do Libro foron coordinados baixo a dirección artística de Ana Seoane e realizados por:

Alberto Neves, Antonio Estévez, Ao Xeito, Bernardo Carballal, Efímera Espacios Temporales, Elefantes de Cacharrería, Labauh Factory, Luis González, Asociación Paspallás e Trisquelia Comunicación.



MUSEORBIL

Orbil está a tope de *power* coa ARTE. Ata pensou en abrir un museo propio nun alboio da súa casa! Xa ten as paredes, os marcos e ata unha galiña vestida de garda de seguridade.

Agora só precisa as obras de arte. Podes botarlle unha man?

Se te animas, imprime a páxina seguinte e pinta un cadro para este museo tan especial.

Se pos o teu nome e o teléfono dunha persoa adulta responsable entrarás nun sorteo dun lote de libros (e outras sorpresas!).

Crea, pinta, colorea e deixa o teu cadro na caixa de debuxos para o **MUSEORBIL** que hai na sala de exposicións do Pazo da Cultura.

PARA O MUSE**ORBIL** DE PARTE DE:

**Teléfono ou enderezo
electrónico dunha
persoa adulta responsable
para participar no sorteo:**

O sorteo realizarase publicamente o día 25 de marzo de 2022 ás 18.00h na sala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, escollendo unha carta de entre todas as introducidas no "Caixa de debuxos para o MUSE**ORBIL**". Este teléfono ou correo-**e só será empregado para notificar** á persoa responsable gañadora do sorteo. **Non gardaremos estes datos de carácter persoal nin os empregaremos para ningún outro fin** que non sexa a notificación á persoa gañadora. O resto de cartas enviadas serán gardadas polo Concello de Pontevedra durante 6 meses e debidamente destruídas posteriormente

Entidades e persoas colaboradoras

Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odrizola
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)
Centros de ensino de Pontevedra e comarca
CESPA Pontevedra
Deleite
Estación Fitopatolóxica Areeiro. Deputación de Pontevedra
Eulalia Agrelo
GÁLIX
Isaak Aranberri
Librería Paz
Librería Luna Nueva
Librería Seijas
Luz Gallego
Museo de Pontevedra
O Garaxe Hermético
OEPLI
Pilar Sampetro
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC
Seminario Permanente de Jazz
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
UNESCO Etxea
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo
Viaqua
Zumaiena Ikastexea

• • •

Un agradecemento moi especial ás institucións:

Rede de Escolas Asociadas da UNESCO. En especial a Luísa Márquez.

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para **Marica Campo e Xosé Cobas**, pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e polo seu traballo en dignificar e divulgar a palabra escrita e a ilustración para as crianzas.

• • •

Ás librerías de Pontevedra, ás escolas galegas e aos colectivos,
e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes máis de vinte anos do Salón,

GRAZAS

Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra

O SALÓN é unha actividade promovida e financiada por:



Concello
de Pontevedra

O SALÓN

www.salondolibro.gal



Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións.
Consulta a información actualizada na web do Salón
e nas nosas redes sociais

As actividades marcadas con ** contan co apoio económico de:



As actividades marcadas con * contan co apoio económico de:

